

RESOLUCIÓN REITORAL DE 23 DE FEBREIRO DE 2023 DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PROPIAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO, 2023.

Unha vez detectado que na convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo para o 2023 publicada o 15/02/2023, non se prevé a posibilidade de presentación dunha solicitude por persoas con nacionalidade de fóra da Unión Europea, ESTA REITORÍA RESOLVE:

PUNTO PRIMEIRO: Engadir o seguinte parágrafo ao final da base novena da versión galega da convocatoria de axudas:

«De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidade extracomunitaria, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.»

PUNTO SEGUNDO: Engadir o seguinte parágrafo ao final da base novena da versión castelá da convocatoria de axudas:

«De forma excepcional para este procedemento, únicamente las personas de nacionalidad extracomunitaria, podrán usar medios de acceso a la sede electrónica alternativos, para lo que deberán iniciar el procedimiento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar su solicitud y con antelación suficiente al día de cierre del plazo de presentación.»

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 22/06/2022 (DOG de 6 de xullo)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación